



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación definitiva Regulamento municipal para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor

ANUNCIO

Anuncio aprobación definitiva do Regulamento municipal para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor, auto turismos clase B.

O Pleno municipal, na sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2012, acordou aprobar inicialmente o Regulamento municipal para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor, auto turismos clase B, e sometelo a información pública polo prazo legalmente establecido.

Sometido o expediente a información pública, durante trinta días, mediante anuncios publicados no BOP (nº 210, de 05/11/2012) e no taboleiro de anuncios do Concello, non se presentou reclamación algunha, polo que, de acordo co artigo 49 da vixente Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e de conformidade co acordo plenario adoptado, enténdese definitivamente aprobado o devandito Regulamento.

De conformidade co establecido no art. 70.2 da LRBRL, procédese á publicación íntegra do Regulamento citado, que entrará en vigor tras a súa publicación e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

“REGULAMENTO MUNICIPAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER CON CONDUTOR, AUTO-TURISMOS -CLASE B-

Artigo 1.- Obxecto e fundamento legal.

É obxecto deste Regulamento establecer unha ordenación mínima do transporte de viaxeiros en automóbiles lixeiros de aluguer con condutor, auto-turismos -clase B-, no municipio de Teo, ao amparo do establecido no Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Nacional dos servizos urbanos de transporte en automóbiles lixeiros (en diante RNSUTAL).

Para o non previsto neste Regulamento, ademais do citado RNSUTAL serán de aplicación a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer do concello de Teo, así como as restantes normas de réxime local e autonómicas de aplicación.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

A intervención da administración municipal cinguese á regulación dos auto-turismos, clase B, que prestan servizo dentro ou fora dos núcleos urbanos, sen contador taxímetro, con capacidade para cinco prazas incluída a do condutor.

Artigo 3.- Licencias.

Para a prestación do servizo de transporte de viaxeiros en auto-turismo será preciso estar en posesión da correspondente licenza municipal que habilita para a prestación do servizo. Cada licenza terá un só titular e estará adscrita a un vehículo concreto.

As licenzas terán carácter indefinido, e a súa validez estará condicionada ao cumprimento das condicións e requisitos establecidos para a súa obtención.

Artigo 4.- Outorgamento das licencias.

O outorgamento das licenzas virá determinado pola necesidade e conveniencia do servizo de ampliar o número de licenzas existente.

As licenzas poderán outorgarse por concurso previa convocatoria pública que garante a libre concorrència entre os interesados, de acordo co establecido nos artigos 10 a 13 do RNSUTAL.

O Pleno da Corporación establecerá un número de licenzas en función da poboación, de acordo coa Resolución de 29/04/1998, da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, e previa audiencia da asociación de profesionais do sector.

O réxime de outorgamento, utilización, suspensión, modificación e extinción das licenzas axustarase ao disposto no presente Regulamento, en relación co establecido no RNSUTAL.

Artigo 5.- Transmisión das licenzas.

As licenzas serán intransmisibles, coas excepcións recollidas no artigo 14 do RNSUTAL, que recolle os seguintes supostos:

- Falecemento do seu titular, en favor do seu cónxuxe viúvo ou herdeiros lexítimos.
- Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros lexítimos e o xubilado non poida explotar a licenza como actividade única e exclusiva, e previa autorización do Concello, en favor dos solicitantes sinalados no artigo 12 do RNSUTAL, tendo en todo caso dereito de tanteo calquera outro herdeiro forzoso en posesión do permiso municipal de condutor.
- Cando se imposibilite para o exercicio profesional o titular da licenza por motivo de enfermidade, accidente ou outros que poidan cualificarse de forza maior, a apreciar no expediente, en favor dos solicitantes do apartado anterior.
- Cando a licenza teña unha antigüidade superior a cinco anos, o titular poderá transmitila, previa autorización do Concello, ao condutor asalariado con permiso de conducir e exercicio na profesión durante un ano, non podendo o primeiro obter nova licenza neste Concello no prazo de dez anos, nin o adquirente transmitila de novo se non é en algún dos anteriores supostos.

A transmisión dunha licenza, nos supostos legalmente establecidos, non faculta, por si mesma, para a prestación do servizo, deberán cumprirse ademais os requisitos esixidos no presente Regulamento para o exercicio da actividade.

Artigo 6.- Habilitación para a prestación do servizo.

Os condutores dos vehículos adscritos ao servizo deberán estar en posesión da correspondente habilitación para a prestación do servizo, para o que deberán obter o permiso municipal de condutor expedido polo concello de Teo.

Os titulares das licenzas teñen a obrigaçión de explotalas persoalmente ou mediante a contratación de condutor asalariado, con dedicación plena incompatible con outra profesión e que estea en posesión do permiso municipal de condutor.

Cando o titular dunha licenza non poida prestar o servizo por causa xustificada, deberá poñelo en coñecemento do Concello no prazo máximo de tres días.

Artigo 7.- Permiso municipal de condutor.

O permiso municipal de condutor será concedido polo Concello, a solicitude do interesado, que deberá reunir as seguintes condicións:

- a) Estar en posesión do carné de conducir expedido pola Xefatura de Tráfico, coa categoría esixida polo código de circulación para conducir vehículos de servizo público.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.
- c) Declaración de non atoparse incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que lle impida contratar coa administración pública.
- d) Dúas fotos de tamaño carné e copia auténtica de D.N.I.

Artigo 8.- Vehículos.

Os vehículos adscritos ao servizo terán unha capacidade de cinco prazas incluída a do condutor, deberán estar homologados de acordo co disposto no artigo 8 do RNSUTAL, e terán o contaquilómetros debidamente precintado.

Os vehículos poderán ser de calquera cor, debendo levar na porta dianteira o escudo do concello de Teo, e non levarán publicidade, agás a autorizada polo Concello.

Os vehículos adscritos ao servizo, irán provistos da seguinte documentación:

- Licenza municipal de auto-turismo.
- Permiso municipal de condutor.
- Permiso de circulación do Vehículo.
- Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo.
- Seguros esixibles legalmente.
- Follas de reclamacións.
- Cadro de tarifas oficiais.

A substitución dun vehículo por outro deberá ser autorizado polo Concello

Artigo 9.- Organización do servizo.

Os condutores están obrigados a seguir o traxecto mais curto para chegar ao destino indicado polo viaxeiro e non poderán negarse a prestar o servizo solicitado, tanto persoal como telefonicamente, agás que exista unha causa xustificada.

A estes efectos entenderanse causas xustificadas:

Ser requirido por unha persoa perseguida pola policía.

Ser requirido para transportar un número de persoas superior ás prazas autorizadas par ao vehículo

Que algún viaxeiro se atope en estado de embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, agás que estea en perigo grave.

Que se lle requira para prestar o servizo por vías intransitables.

Para a prestación do servizo os vehículos situaranse nas paradas de estacionamento dos vehículos determinadas polo Concello que se relacionan no ANEXO I do Regulamento. Os vehículos non poderán permanecer nas paradas sen o seu condutor.

As paradas estarán debidamente sinalizadas, rotuladas polo Concello, e nas mesmas figurarán os teléfonos facilitados polos titulares das licenzas.

Cando os usuarios acudan a parada para solicitar o servizo deberán dirixirse ao vehículo situado en primeiro lugar respectando a orde de chegada.

Se non hai ningún vehículo na parada e solicita o servizo a través de chamada telefónica, os auto-turismos deberán recoller ao usuario/a na parada sen custo adicional.

Os usuarios/as poderán solicitar o servizo a través de chamada telefónica a un titular de auto-turismo concreto, sen necesidade de acudir á parada. Neste caso a tarifa aplicarase dende a parada máis próxima.

Artigo 10.- Tarifas.

A prestación do servizo estará suxeito ás tarifas que en cada momento fixe a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (ou entidade administrativa equivalente), que son vinculantes para os titulares da licenza, condutores e usuarios do servizo.

As tarifas deberán figurar nun sitio visible para o usuario dende o interior do vehículo.

Artigo 11.- Infraccións.

Será considerada infracción calquera acción ou omisión que contraveña o establecido neste Regulamento e restantes normas de aplicación. As infraccións poderán ser leves, graves e moi graves.

Serán infraccións leves as seguintes condutas:

- a) O trato desconsiderado cos clientes ou usuarios da vía pública.
- b) Manter discusión en publico cos compañeiros do traballo.
- c) Non levar en lugar visible o nº de licenza ou o cadro de tarifas.
- d) Prestar o servizo sen o debido aseo do condutor o do vehículo.
- e) Calquera outro incumprimento deste Regulamento non cualificado como grave ou moi grave.

Serán infraccións graves as seguintes condutas:

- a) Non seguir o itinerario indicado polo viaxeiro ou seguir innecesariamente un que supoña maior distancia.
- b) Empregar palabras ou xestos groseiros ou ameazantes cos clientes, viandantes ou condutores doutros vehículos.
- c) Negarse a prestar o servizo sen causa xustificada.
- d) Non entregar tiket ou factura ao usuario.
- e) Non respectar a orde da parada.
- f) Realizar o servizo con un vehículo que non reúna as condicións axeitadas de funcionamento.
- g) Fumar no interior do vehículo.
- h) Cometer catro faltas leves nun mes ou dez nun ano.

Serán infraccións moi graves as seguintes condutas:

- a) Abandonar o cliente sen rematar o servizo sen causa xustificada.
- b) Esixir polo servizo un importe superior ao autorizado na tarifa.
- c) Conducir o vehículo baixo os efectos do alcohol, estupefacientes, estimulantes ou sustancia análoga.
- d) Reter os obxectos esquecidos no vehículos sen dar conta á policía local ou autoridade competente no prazo máximo de 48 horas.
- e) Conducir o vehículo sen o correspondente permiso local de condutor.
- f) A comisión de delitos con ocasión do exercicio da profesión.
- g) Darse de baixa como empresario autónomo.
- h) Arrendar, alugar ou transmitir unha licenza, contravindo o establecido neste Regulamento.
- i) A comisión de dúas faltas graves no período de un ano.

Artigo 12.- Sancións.

Polas sancións que se cometan poderán impoñerse as seguintes sancións:

1. Por falta leve: amoestación e/ou multa de ata 200 €.
2. Por falta grave: multa de 201 a 1.000 € e/ou suspensión da licenza e permiso municipal de condutor ata un máximo de 6 meses.
3. Por falta moi grave: multa de 1.001 a 6.000 €, suspensión da licenza e permiso municipal de condutor de 6 meses a 1 ano ou retirada definitiva da licenza e permiso local de condutor, se a gravidade da infracción así o aconsella.

Artigo 13.- Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador iniciárase de oficio ou a instancia de parte, de conformidade co previsto na Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e de acordo co Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real Decreto 1398/1993.

Disposición final.

O presente Regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de A Coruña e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

ANEXO I**Localización de paradas**

1. Urbanización Os Tilos (Rúa Carballo)
2. Montouto (Travesía de Montouto)
3. Cacheiras (Travesía de Cacheiras)
4. Ramallosa (Rúa da Lagoa)
5. Casalonga (Travesía da Casalonga)
6. Reborido (Travesía de Reborido)
7. O Vilar de Calo (estrada Milladoiro-Solláns)"

Teo, 4 de xaneiro de 2013

Martiño Noriega Sánchez

2013/70